

INSTRUCCIÓN de aplicación das bases reguladoras das axudas destinadas á creación de empresas para actividades non agrícolas en zonas rurais, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de Desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020. (Resolución do 16 de febreiro de 2017, DOG Núm. 42, do 1 de marzo de 2017, e corrección de erros DOG Núm. 70 Luns, do 10 de abril de 2017)

ANTECEDENTES

O Artigo 14.6.h) da *Resolución do 16 de febreiro de 2017 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas destinadas á creación de empresas para actividades non agrícolas en zonas rurais, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva (Galicia Rural Emprende)*, e na corrección de erros publicada no DOG nº 70 (Luns, 10 de abril de 2017) indícase expresamente que:

*«h) As 3 ofertas de diferentes provedores para todos os elementos de gasto. Para dar cumprimento ao requisito de moderación de custos, que se establece no artigo 48.2.e) do Regulamento (UE) nº 809/2014 da Comisión, fixaranse **custos de referencia** ditados en virtude da disposición derradeira primeira, definidos na **norma complementaria que se publicará na web do Igape**, independentemente da exixencia de presentar un mínimo de tres ofertas de distintos provedores, e para aqueles casos nos que o beneficiario acredite a non posibilidade de achegar as referidas ofertas».*

En definitiva, establece a obriga por parte do IGAPE de elaborar e facer pública unha norma complementaria ou instrución, que posibilite establecer unha medida de moderación de custes, en particular, custos de referencia, alternativa á presentación das 3 ofertas, para aqueles casos nos que non proceda dada a natureza dos gastos/investmentos.

Considerando á tipoloxía de gastos e investmentos integrados na base subvencionable (art. 6.2. das Bases Reguladoras), serán de aplicación as seguintes medidas de moderación de custos que seguidamente se indican, manténdose a obriga de achegar 3 ofertas de diferentes provedores para os elementos de custo non incluídos na relación que segue (agás indicación expresa):

CONCEPTO (Art. 6.2. Bases Reguladoras)	MEDIDA DE MODERACIÓN DE CUSTES
a) Compra de terreos.	Máximo un 10% do total de custos subvencionables, segundo se establece nas bases reguladoras.
b) Adquisición de inmobles.	O importe subvencionable non superará o 50% dos gastos subvencionables , segundo se establece nas bases reguladoras.
c) Obra civil	Deberán achegarse tres ofertas sempre que o seu custe supere os 50.000€. Suxeitos aos módulos máximos (anexo V das bases reguladoras).
e) Activos inmateriais.	Segundo se establece nas bases reguladoras, un informe de auditor deberá verificar, entre outras cuestións, que os activos se adquiriran en condicións de mercado a terceiros non relacionados co comprador
f) Custos de funcionamento	<p>Deberán achegarse tres ofertas para aquelas partidas que superen os 1.000 euros de gasto por provedor no periodo de 18 meses.</p> <p>Custos de persoal: considerarase integrado dentro da base subvencionable co límite máximo do triple do SMI establecido para o ano 2017 en termos mensuais (707,70 euros/mes). Os meses de actividade que correspondan a 2018, limitaranse aplicando un incremento do 2% sobre a cantidade anterior.</p> <p>Dada a súa natureza, exceptúase da presentación de 3 ofertas á seguinte tipoloxía de gastos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Teléfono • Luz • Gas • Comisións bancarias • Alugueres • Dietas e gastos de viaxe
g) Contribucións en especie	Acreditaranse en escritura pública , no caso de sociedades e mediante tasación oficial no caso de autónomos.
h) Honorarios técnicos	Máximo do 10% do total de custos subvencionables, segundo se establece nas bases reguladoras.
i) Custos notariais derivados da certificación do non inicio da actividade	Dada a tipoloxía dos mesmos, non será preciso achegar tres ofertas, nin procede a aplicación de medida de moderación de custos.